


**ADENDA PROGRAMACIÓN DO DEPARTAMENTO DE BIOLOXÍA E  
XEOLOXÍA**

**IES XERMÁN ANCOCHEA QUEVEDO**

**CURSO 2021- 2022**



**PRIMEIRO, TERCEIRO E CUARTO DA ESO. AVALIACIÓN FINAL**

- No caso de ter algunha avaliación pendente:

A finais de xuño terá lugar a avaliación final. Nesta avaliación, o alumnado deberá recuperar exclusivamente a materia das avaliacións que teñan pendentes.

No período comprendido entre a 3ª avaliación parcial e a avaliación final, o alumnado con algunha avaliación pendente deberá realizar unha serie de boletíns con actividades que recollerán os contidos mínimos de cada unidade didáctica da avaliación/s que o alumnado teña pendente.

Estes boletíns levaranse a cabo durante as clases e ó remate das mesmas, o alumnado deberá ir entregando o traballo realizado ó profesor/a.

Os boletíns contarán un 30% da nota final.

Ademais destes boletíns, haberá unha proba escrita que contará un 70% da nota final (a nota mínima desta proba escrita será 2,5).

A nota media da avaliación final resultará da media aritmética das avaliacións superadas e das avaliacións a recuperar.

Cada avaliación terá un valor de 1/3.

En caso de teledocencia, os boletíns estarán dispoñibles na aula virtual da materia e serán entregados ó profesor/a mediante correo electrónico.

A proba escrita, neste último caso, realizarase a través da aula virtual ou da plataforma webex.

- No caso de ter tódalas avaliacións superadas:

A finais de xuño terá lugar a avaliación final.

No período comprendido entre a 3ª avaliación parcial e a avaliación final, o alumnado que teña a materia superada levará a cabo un traballo de indagación no que afonden sobre un dos temas tratados ó longo do curso (por exemplo realización de infografías, artigos científicos...).

Este traballo deberá ser entregado ó profesor/a ou ser exposto ó resto da clase.

A nota deste traballo en ningún caso influirá de forma negativa sobre a nota final pero sí a poderá mellorar ata un máximo de 1 punto.

En caso de teledocencia, o alumnado será informado do traballo a realizar a través da aula virtual e éste será entregado en prazo ó profesor/a a través do correo electrónico.

### **1º BACHARELATO. AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA.**

O alumnado que non superara a materia na avaliación ordinaria terá que realizar a avaliación extraordinaria a finais de xuño que consistirá nunha proba escrita que incluírá a materia das avaliacións pendentes e que terá un valor dun 100% na cualificación desas avaliacións. A cualificación final será a media aritmética das tres avaliacións.

Dita avaliación darase por recuperada se a cualificación desta proba é igual ou superior a 5.

En caso de teledocencia, o alumnado realizará a proba escrita a través da aula virtual ou da plataforma webex.